

# Galicia Encantada



ANIVERSARIO  
2005 \* 2025  
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

## Medicina

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

#### *Os curas de Xan Garrido*

Os curas coñecidos como de Xan Garrido vivían no Souto, parroquia de San Miguel de Arca, A Estrada (Pontevedra), e eran sanadores.

Había un matrimonio, a muller era tolleita e os dous fillos que tiveron tamén saíron tolleitos. Leváronos aos curas do Souto e cos evanxeos curáronos aos tres.

Polo visto a estes curas déronlles unha malleira nos campos da Penela.

## BIBLIOGRAFÍA

REIMÓNDEZ PORTELA, Manuel, A Estrada rural, Excm. Deputación Provincial de Pontevedra 1990.